

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI114	<i>Expediente</i> CON/12/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:05

Número 17 .- Adjudicación do contrato de proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 07 de agosto de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 17 .- ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE CONXO - SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Deportes, de data 28 de xullo de 2015, así como do informe favorable nº 2015/574, de data 30 de xullo de 2015, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Noa María Morales Sánchez**, concelleira delegada de mocidade, deporte e benestar animal, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela" conforme ós termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI114	<i>Expediente</i> CON/12/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:05

Sello o Certificación Mecánica

Primeiro: Con data 8 de xullo de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL.

Segundo: Finalmente, con data 27 de xullo celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas:

. EXCAVACIONES MIDON, por non presentar a mostra do céspede requerida polo prego de aplicación con carácter inexcusable.

. CYS HISPANIA e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por non xustificar debidamente, de acordo co informado polo xefe de servizo de programación e proxección, o carácter desproporcionado ou temerario da súa oferta de redución do prezo do contrato.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL**, por un importe de **246.000 euros** (IVE aparte 21%: 51.660 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a construción dunha zona de quecemento/adestramento e o subministro e instalación de dúas unidades de banquetes para suplentes.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **022 34200 62200.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZ114	<i>Expediente</i> CON/12/2015	<i>Fecha</i> 07-08-15 13:05

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas:

. EXCAVACIONES MIDON, por non presentar a mostra do céspede requerida polo prego de aplicación con carácter inexcusable.

. CYS HISPANIA e EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por non xustificar debidamente, de acordo co informado polo xefe de servizo de programación e proxección, o carácter desproporcionado ou temerario da súa oferta de redución do prezo do contrato.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL**, por un importe de **246.000 euros** (IVE aparte 21%: 51.660 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a construción dunha zona de quecemento/adestramento e o subministro e instalación de dúas unidades de banquillos para suplentes.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **022 34200 62200**.

A Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda así mesmo, de conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, de data 30 de xullo de 2015, nomear como director do contrato ao xefe do servizo de Proxectos e Obras, D. ENRIQUE SEOANE PRADO.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

SECRETARÍA  
CONCELLO DE SANTIAGO

